- <http://www.mcu.es/REBECA/> Páxina de descarga de rexistros para bibliotecas
- <http://www.me.es> Ministerio de Educación
- <http://www.editoresgalegos.org> Páxina da Asociación Galega de Editores
- <http://www.aelg.org> Páxina da Asociación de Escritores en Lengua Galega
- <http://www.agpilustracion.org/index.php> Páxina da Asociación de Profesionais da Ilustración de Galicia
- <http://www.culturagalega.org> Páxina do Consello da Cultura Galega
- <http://books.google.es> Buscador de libros Google
- <http://www.culturagalega.org/mega/index.php> Espazo de música galega. Consello da Cultura Galega
- <http://www.pregunte.es/consulta/consulta.cmd> Servizo de información a cargo de bibliotecários profesionais.
- <http://travesia.mcu.es> Portal do Ministério de Cultura para as bibliotecas públicas.

CLUBS DE LECTURA

Novas en relación cos clubs de lectura, convocatorias, resolucións, xornadas formativas... Inclúe enlaces a todos os blogs de clubs de lectura de centros de ensino de Galicia. Cando se cree un blogue de club de lectura, pódese enviar un correo comunicándoo ao enderezo de correo bescolares@gmail.com

- <http://lerenmancomun.blogspot.com> **Espazo web para os clubs de lectura dos centros de ensino de Galicia.**



Clubs de lectura e blogues sobre lectura

| Centro | Concello | Provincia | Blogue |
|------------------------------|-----------------------|------------|---|
| IES de Pobra do Caramiñal | Pobra do Caramiñal, A | A Coruña | A Caramiña |
| IES de Vilalonga | Sanxenxo | Pontevedra | A praia das palabras |
| CFR Pontevedra | Pontevedra | Pontevedra | A pregunta do cuco |
| IES Xesús Taboada Chivite | Verín | Ourense | Biblochivite |
| IESO tero Pedrayo | Ourense | Ourense | ¡Ai!Ptolomeo |
| IES de Allaríz | Allaríz | Ourense | Allarlibros |
| IES Castro Aobre | Vilagarcía de Arousa | Pontevedra | Aobre |
| IES de Meaño | Meaño | Pontevedra | "Ao pé da hortensia"... |
| IES Cidade de Antioquia | Xinzo de Limia | Ourense | Ao pé da Letra |
| IES Pedra da Aguia | Camariñas | A Coruña | Arao |
| IES Castro da Uz | Pontes, As | A Coruña | Argalleiros das Letras |
| CPIS an Vicente | Baña, A | A Coruña | Ars Legendi |
| CPI Aurelio M. García Rey | Cuntis | Pontevedra | As Campañas |
| IES de Cotobade | Cotobade | Pontevedra | As estrelas do libro |
| IES As Mariñas | Betanzos | A Coruña | As Mariñas Lectoras |
| CPI dos Dices | Roís | A Coruña | As pintoras daltónicas |
| IES David Bujan | Cambre | A Coruña | Avelaiña |
| IES Río Cabe | Monforte | Lugo | Balbordo |
| IES Monte Castelo | Burela | Lugo | Bibliocastelo |
| CEIP Couceiro Freijomil | Pontedeume | A Coruña | Bibliocouceiro |
| IES Ribeira de Louro | Porriño, O | Pontevedra | Biblioribeira |
| IES Armando Cotarelo Valedor | Vilagarcía de Arousa | Pontevedra | Biblioteca Armando Cotarelo |
| IES A Cachada | Boiro | A Coruña | Bibliolocus |
| IES Frei Martín Sarmiento | Pontevedra | Pontevedra | Bradomín |
| IES A Sardiñeira | Coruña, A | A Coruña | Caladoiro |
| IES Luis Seoane | Pontevedra | Pontevedra | Camifios |
| CEIP Fermín Bouza Brey | Ponteareas | Pontevedra | Bibliobrey |
| IES de Fene | Fene | A Coruña | Club de Lectura do Segrel |
| CPI Tino Grandio | Guntín | Lugo | Club de Lectura Guntín |
| IES Alexandre Bóveda | Vigo | Pontevedra | Club de Lectura. IES Alexandre Bóveda |
| IES Auga da Alaxe | Gondomar | Pontevedra | Club de Lectura. IES Auga da Alaxe |
| CPI de Castrolverde | Castrolverde | Lugo | Club de Lectura. CPI de Castrolverde |

| | | | |
|---|------------------------|------------|--|
| IES Aquis Celenis | Caldas de Rei | Pontevedra | IESCaldasLetras |
| IES de Catabois | Ferrol | A Coruña | Queremos Ler |
| IES de Foz | Foz | Lugo | Clubs de Lectura do IES de Foz |
| IES Universidad Laboral | Ourense | Ourense | Universo de libros |
| IES Val do Tea | Ponteareas | Pontevedra | Biblioteca IES Val do Tea |
| IES Antonio Fraguas | Santiago de Compostela | A Coruña | Club Ptolomeo |
| IES Julio Prieto Nespereira | Ourense | Ourense | Colega das Palabras |
| IES Fernando Wirtz | Coruña, A | A Coruña | De catro a catro |
| IES de Elviña | Coruña, A | A Coruña | Elvilendo |
| CMUS de Vigo | Vigo | Pontevedra | En clave de Letras |
| IES de Sanxenxo | Sanxenxo | Pontevedra | Engánchate |
| IES Ramón Menéndez Pidal | Coruña, A | A Coruña | Entre Liñas |
| IES Félix Muriel / CPI Cernadas de Castro | Rianxo | A Coruña | Ex Libris |
| IES Pintor Colmeiro | Silleda | Pontevedra | Fahrenheit 541 |
| IES Moncho Valcárcel | Coruña, A | A Coruña | Felices Pesadelos |
| IES de Curtis | Curtis | A Coruña | Fendetestas |
| IES de Mugar dos | Mugar dos | A Coruña | Lecturas de Pandoira |
| IES Leiras Pulpeiro | Lugo | Lugo | Lecturas Leirantes |
| IES As Telleiras | Narón | A Coruña | Leixapren |
| IES As Barxas | Moaña | Pontevedra | Lendo nas Barxas |
| IES Primero de Marzo | Baiona | Pontevedra | Lerias |
| IES Vilar Ponte | Viveiro | Lugo | Liber Amoenus |
| IES Máximino Romero de Lema | Zas | Coruña | Marole |
| CPI José García García | Ourense | Ourense | Mendebiblos |
| IES Álvaro Cunqueiro | Vigo | Pontevedra | Merlín |
| IES Manuel Barros | Estrada, A | Pontevedra | Na Estrada 525 |
| IES Lagoa de Antela | Xinzo de Limia | Ourense | Nós tamén navegar |
| IES Afonso X O Sabio | Cambre | A Coruña | O bosque animado |
| CPI Manuel Suárez Marquier | Rosal, O | Pontevedra | O librako |
| IES Rafael Dieste | Coruña, A | A Coruña | O recuncho do trasno |
| IES Xograr Afonso Gómez | Sarria | Lugo | O xograr lector |
| IES de Poio | Poio | Pontevedra | Os trasnos dos libros |
| IES Fernando Esquío | Neda | A Coruña | Pantasma de papel |
| IES de Melide | Melide | A Coruña | Papalibros |
| IES Pino Manso | Porriño, O | Pontevedra | Pino Manso Lendo |
| CEIP de Andrade | Pontedeume | A Coruña | Raiolectores |
| CPI Castro Baxoi | Miño | A Coruña | Salicornia |
| CPI San Sadurniño | San Sadurniño | A Coruña | Sansaliber |
| IES Sáchez Cantón | Pontevedra | Pontevedra | Tinta Viva |
| IES Miguel A. Glez. Estévez | Vilagarcía de Arousa | Pontevedra | Tira da páxina |
| Trafegando Ronseis - 2 | | | As estelas dos ronseis |
| Trafegando Ronseis - 3 | | | Momento de silencios compartidos |



Os centros interesados en participar neste Banco de libros, tanto para ofertar como para solicitar lotes de libros para os clubs de lectura, pode enviar un correo ao enderezo da asesoría, bescolares@gmail.com, e subirase á información ao blogue. Os centros pónense en contacto entre eles e asumen os custos de envío no seu caso.

**<http://librosaeito.blogspot.com>
Banco de libros para os clubs de lectura.**

Espazo web destinado a difundir textos de calidade dentro do amplo panorama da LIX. Está aberto á participación do profesorado que o desexe, ben enviando comentarios ás entradas feitas desde a Asesoría, ben enviando textos para novas propostas a través do correo bibliotecasescolares@edu.xunta.es



**<http://redelectura.blogspot.com/>
Club de lectura virtual para bibliotecari@s escolares**

A BIBLIOTECA ESCOLAR, CENTRO DE RECURSOS DE LECTURA, INFORMACIÓN E APRENDIZAXE

1. Modelo de biblioteca escolar

A biblioteca escolar, concibida como espazo educativo ao servizo dos procesos de ensinanza e de aprendizaxe, é un centro de recursos da información que pon a disposición da comunidade educativa os fondos documentais existentes no centro, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico.

Na biblioteca centralízase todo o material informativo que pode empregarse para os traballos escolares e para o tratamento e fomento da lectura (libros, revistas, xornais, discos, vídeos, discos DVD, mapas, fotografías, diapositivas, materiais de produción propia, seleccións de recursos electrónicos dispoñibles na Rede,...). A biblioteca acolle, organiza, facilita e difunde, entre os diversos sectores da comunidade escolar, os recursos existentes para un uso eficaz destes. Presta diversos servizos (lectura en sala, préstamo, información, formación de usuarios, orientacións e materiais para a educación documental, actividades de fomento da lectura, acceso a Internet...). **A súa principal misión é contribuír á adquisición das competencias básicas contempladas no currículo e apoiar os proxectos e programas que leva a cabo o centro educativo, favorecendo así mesmo a adquisición e o desenvolvemento de hábitos de lectura entre os distintos sectores da comunidade educativa. Constitúe un instrumento imprescindible para a integración da cultura impresa e a cultura dixital nas intervencións do profesorado e nas prácticas de aprendizaxe do alumnado.**

Para unha axeitada xestión e organización dos materiais, cómpre seguir criterios estandarizados no ámbito bibliotecario, simplificando o sistema de clasificación e adaptándoo ao contexto escolar. A Asesoría de Bibliotecas Escolares publicou no portal educativo da Consellería de Educación diversos materiais de apoio neste sentido (Adaptación da CDU para bibliotecas escolares galegas, orientacións, etc.). A Consellería de Cultura e Turismo facilita aos centros que llo soliciten o programa Meiga para a informatización da biblioteca escolar.

O equipo de biblioteca elaborará un plan de adquisicións acollendo as suxestións e necesidades dos diversos ciclos ou departamentos do centro, establecendo prioridades en función dunha actualización equilibrada dos fondos. Segundo as directrices internacionais, unha proporción recomendable sería a de un 60% de materiais de carácter informativo e un 40% de materiais de ficción, incluídos todos os soportes. A este respecto, cómpre consultar as orientacións contidas na *Guía para a selección de materiais para as bibliotecas escolares de Infantil e Primaria*, e outros recursos informativos que están a disposición do profesorado interesado no espazo temático das Bibliotecas Escolares de Galicia, do Portal Educativo, no enderezo <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

É recomendable que todos os recursos documentais do centro (agás os de carácter administrativo), sexan xestionados pola biblioteca central, evitando a dispersión destes por aulas, ciclos, departamentos, seminarios e outros lugares, o que dificulta o coñecemento dos fondos existentes e a súa accesibilidade. Isto non quita que a biblioteca realice préstamos temporais en función das necesidades do profesorado, na súa práctica pedagóxica, e do alumnado. As necesidades derivadas da posta en marcha do Proxecto lector ou do tratamento dos distintos aspectos do currículo poden esixir a creación de “seccións de aula”, que se nutrirán dos recursos da biblioteca do centro (ou doutras bibliotecas), mediante o sistema de préstamo temporal.

O criterio para a colocación dos fondos terá en conta a accesibilidade a eles por parte do alumnado. Os andeis serán preferentemente abertos, sen pechos nin barreiras innecesarias.

Os armarios pechados non facilitan “o acceso directo” promovido no ámbito bibliotecario, tampouco actitudes responsables nin autonomía no uso dos bens comúns.

A existencia dunha biblioteca escolar, organizada e dinamizada, facilita:

- Apoio aos procesos de ensinanza e de aprendizaxe
- Aprendizaxe autónoma
- Tratamento da lectura comprensiva en todas as áreas curriculares
- Desenvolvemento de habilidades e de competencias básicas
- Achegamento aos distintos soportes documentais
- Educación no acceso á información: *tratamento da información e competencia dixital*
- Integración das tecnoloxías da comunicación e da información na recollida e tratamento dela, e na selección de lecturas
- Creación e consolidación de hábitos de lectura e de escritura
- Acceso igualitario aos recursos culturais
- Educación nunha vivencia saudable do tempo de lecer
- Apoio ao alumnado con necesidades educativas específicas

O horario de funcionamento da biblioteca deberá ser o máis amplo posible, segundo a dispoñibilidade horaria do profesorado; en calquera caso procurarase que estea aberta, e atendida pola persoa responsable ou por integrantes do equipo de apoio, a totalidade do tempo lectivo. Para a súa apertura no horario extraescolar poderá contarse con persoal auxiliar, en colaboración con outras institucións como a asociación de nais e pais, o concello ou outras, baixo a indispensable coordinación, sempre, do responsable designado pola dirección; previo acordo escrito e con coñecemento das autoridades educativas.

Os equipos directivos dos centros, atendendo á normativa vixente, contemplarán o funcionamento da biblioteca escolar como unha das necesidades organizativas do centro e, en consecuencia, terán en conta esta circunstancia á hora da distribución horaria de comezo de curso.

2. Educación en información. Fomento da lectura

No deseño de programas de dinamización da biblioteca escolar, cómpre ter en conta dous tipos de actividades: aquelas dirixidas á formación do alumnado en tanto que usuario da biblioteca e á adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu tratamento (o que se coñece como *educación documental* ou *alfabetización informacional* e que constitúe un dos obxectivos básicos da biblioteca escolar), e aquelas outras que se engloban no concepto de *fomento da lectura*: narracións, lectura individual, lecturas compartidas, presentacións de libros, encontros con autores ou ilustradores, libro-fórum, clubs de lectura, xogos de animación, talleres de escritura creativa,... Cómpre contemplar a lectura nun senso amplo: a lectura para aprender, para facer un resumo, para buscar un dato, para resolver un problema, para elaborar un traballo; pero tamén a lectura pracenteira, a que realizada en soidade ou en compañía ten como único obxectivo o gozo do texto literario. Así mesmo, é imprescindible orientar e facilitar prácticas de lectura en todo tipo de soportes, atendendo ás particularidades da lectura en pantalla.

A biblioteca escolar ten un papel preponderante á hora de deseñar e desenvolver o Proxecto lector de centro, documento que, segundo o contemplado na normativa curricular, articulará todas as intervencións que o centro vai levar a cabo en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, e que se plasmará en plans anuais de lectura.

Da mesma forma, a biblioteca escolar é o espazo natural de achegamento á información en calquera formato, incluído o electrónico. As bibliotecas han ser espazos de integración da cultura impresa e da cultura dixital.

3. Responsable da biblioteca escolar

O funcionamento eficaz da biblioteca escolar supón unha axuda fundamental para o labor de todo o profesorado, sendo necesaria a colaboración de todos e todas para a súa existencia. Porén, resulta imprescindible a presenza dunha persoa responsable deste recurso do centro. O responsable da biblioteca escolar debe ser designado pola Dirección, garantindo no posible a estabilidade e o bo funcionamento deste servizo. Para elo, terase en conta o interese, a idoneidade, a formación ou a experiencia neste ámbito, así como a dispoñibilidade horaria do profesorado.

As funcións do responsable da biblioteca escolar son:

- Elaborar a programación anual de biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro e unha memoria final.
- Colaborar ao deseño e posta en práctica do Proxecto lector de centro, coordinándoo no seu caso.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar)
- Informar ao Claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender ao servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.

Éstas e outras cuestións sobre a dinamización específica da biblioteca escolar están recollidas na Orde de 17 de xullo de 2007, *pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico para a función titorial e outras funcións docentes* (DOG 24/07/2007).

4. Equipo de apoio

Estará formado por profesoras e profesores dos diferentes ciclos ou departamentos existentes no centro, que traballarán en coordinación co responsable da biblioteca para a consecución dos obxectivos previstos e a posta en marcha das actividades organizadas. A xefatura de estudos, aproveitando as marxes horarias do cadro de profesorado, preverá as necesidades da biblioteca escolar á hora de elaborar os horarios do mesmo, nos que quedará recollida a súa participación neste servizo.

As funcións dos integrantes do equipo de biblioteca son:

- Apoiar ao responsable da biblioteca na organización e dinamización da mesma.
- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitarllelos aos usuarios da biblioteca escolar.
- Cooperar ao deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- Recoller propostas e suxestións do profesorado e o alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar ao desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.

5. Comisión de Biblioteca no Consello Escolar

A creación dunha Comisión de biblioteca no seo do Consello Escolar resulta de gran interese para a sensibilización de todos os membros da comunidade escolar respecto da necesidade deste servizo, procurando atención e estabilidade ao mesmo, así como a necesaria colaboración coa biblioteca pública de referencia. (Inclúese como requisito para a participación na convocatoria do Plan de mellora)

A Comisión de biblioteca podería ter a seguinte composición: por parte do Consello Escolar: un profesor/a, un pai/nai, un representante do Concello, un representante da Dirección; por parte da Asociación de Nais e Pais, un representante; por parte da biblioteca pública máis próxima, o responsable; o responsable da biblioteca escolar, quen actuará como secretario/a. A comisión reunirse unha vez ao trimestre, presidida pola xefatura de estudos ou o/a director/a.

As funcións desta Comisión de Biblioteca serían:

- Analizar as necesidades da biblioteca escolar referidas a infraestrutura, equipamento, mantemento e atención en horario lectivo e en horario extraescolar.
- Realizar propostas ao Consello Escolar para as melloras necesarias.
- Xestionar a apertura da biblioteca en horario extraescolar, procurando as necesarias colaboracións e garantindo que todas as intervencións se realizarán seguindo os criterios establecidos polo equipo de apoio e o responsable da biblioteca escolar.
- Propor estratexias de colaboración entre a biblioteca escolar e a biblioteca pública máis próxima.
- Promover actividades de sensibilización e dinamización cultural entre toda a comunidade escolar.
- Realizar propostas para a adquisición de fondos e equipamento, co correspondente proxecto orzamentario, que se remitirán ao Consello Escolar.
- Realizar xestións cos sectores culturais, educativos, sociais e económicos do contorno do centro educativo que poidan colaborar coa biblioteca escolar e os seus obxectivos.

Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función tutorial e outras funcións docentes. (DOG de 24 de xullo)

Artigo 9º.-Definición da dinamización de biblioteca.

A biblioteca escolar é un recurso educativo imprescindible para a consecución dos obxectivos educativos en todas as áreas. Facilita o acceso aos recursos informativos e culturais necesarios nos procesos de ensino e aprendizaxe, favorece un uso contextualizado das tecnoloxías da comunicación e da información e resulta imprescindible para a capacitación e o fomento da lectura, de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes.

Artigo 10º.- Funcións da dinamización de biblioteca. *En colaboración co profesorado de apoio, serán as seguintes:*

1. *Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o proxecto anual de biblioteca escolar e a memoria final.*
2. *Coordinar, seguindo as directrices da consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.*
3. *Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).*
4. *Informar o claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.*
5. *Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.*
6. *Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.*
7. *Asesorar o profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.*
8. *Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.*
9. *Representar o equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.*
10. *Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica sobre bibliotecas escolares.*

(Ver tamén artigos 6 e 8)

Pautas para actualizar a colección da Biblioteca Escolar

A colección

Entendemos por colección o conxunto de documentos e recursos de todo tipo, e en diversos soportes, que unha biblioteca escolar pon ao servizo dos seus usuarios e usuarias para o desenvolvemento das actividades de ensino e aprendizaxe, busca de información e lectura con distintas finalidades. A meirande parte destes documentos están localizados na biblioteca escolar pero tamén poden ubicarse noutras zonas do centro (aulas, departamentos...), sempre que estean rexistrados de forma centralizada para evitar duplicidades, infrautilización ou perda, e favorecer así a súa difusión para o coñecemento e emprego por parte de toda a comunidade escolar.

A biblioteca escolar debe ofertar unha variada gama de materiais e recursos documentais:

- Materiais de ficción: libros de literatura infantil e xuvenil que contemplan os distintos intereses do alumnado, estimulen a súa imaxinación, aporten recursos para o ocio e o cultivo das afeccións e favorezan o pensamento crítico.
- Materiais para o tratamento dos diversos contidos curriculares.
- Materiais para o apoio á diversidade: atención ás necesidades educativas específicas, atención ao alumnado inmigrante, etc.
- Materiais para o profesorado e as familias.
- Materiais elaborados polo alumnado e o profesorado.
- Publicacións periódicas (xornais, revistas, boletíns...).

Os fondos da colección serán, nunha porcentaxe importante, libros e material impreso, pero tamén deberá contemplarse a existencia de:

- Materiais gráficos e fotográficos: fotografías, mapas, diapositivas, transparencias...
- Material audiovisual en soporte magnético: cintas, vídeos...
- Material audiovisual e multimedia en soporte electrónico: DVD, CD-Rom (películas, discos, xogos educativos, xogos de carácter lúdico...)
- Recursos on-line: bases de datos, publicacións periódicas, seleccións de páxinas web por temas, directorios, portais educativos, portais de carácter lúdico ou cultural, etc.

Recomendacións sobre o tamaño da colección

Segundo as Pautas IFLA de 2002 para a Biblioteca Escolar, unha colección razoable de recursos impresos debe constar de **dez libros por alumno/a**. A biblioteca escolar máis pequena deba ter como mínimo 2.500 títulos **relevantes e actualizados** para garantir a atención aos intereses e necesidades do alumnado.

Ademais, os materias dunha biblioteca escolar deberán gardar a seguinte relación:

- **60% información:** 50% obras de coñecemento, monografías, manuais, reportaxes... sobre os temas do currículo + 10% obras xerais de referencia (dicionarios, enciclopedias, atlas, guía bibliográficas, catálogos, directorios...)
- **40% ficción:** reflicten o universo imaxinario, á vez que estimulan a investigación: literatura (narrativa, poesía, teatro), cine, cómics, libros de imaxes, fotografías, creacións musicais...

Criterios para unha selección equilibrada da colección

Algunhas iniciativas que se poden poñer en marcha coa fin de equilibrar a colección xa iniciada:

- Analizar e coñecer os fondos cos que conta a biblioteca do centro.


- Realizar unha expurgación dos fondos (retirando o que está deteriorado, obsoleto ou non responde ás necesidades dos lectores e lectoras).
- Localizar todos os materiais espallados por distintos espazos do centro (departamentos, seminarios, bibliotecas de aula, aulas de informática, aulas de música, laboratorios, salas de audiovisuais, etc.), significativos para a súa incorporación ao rexistro centralizado.
- Avaliar a adecuación dos fondos da biblioteca ao currículo escolar.
- Arbitrar as medidas para coñecer as necesidades dos distintos ciclos, departamentos, áreas curriculares, así como os intereses de profesorado e alumnado.
- Diseñar un plan de adquisicións, priorizando segundo as necesidades detectadas, e moi especialmente, a incorporación dos novos soportes.
- Crear unha hemeroteca
- Destinar un orzamento específico a novas adquisicións, para a revisión e actualización da colección.
- **Priorizar a adquisición de materiais impresos ou electrónicos en lingua galega**, coa fin de facilitar fontes informativas suficientes á comunidade educativa e favorecer a consecución dos obxectivos de normalización lingüística no ensino.



Guía para a selección de materiais para as bibliotecas escolares / infantil e primaria.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pon a disposición dos centros de ensino infantil e primario unha ferramenta: unha guía electrónica que ten como finalidade axudar na selección dos materiais informativos e literarios, que poidan adquirirse para a actualización das coleccións documentais das bibliotecas escolares. A guía está dispoñible no seguinte enderezo electrónico:

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca>



A páxina web <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>, espazo que mantén a Asesoría de bibliotecas escolares, recolle **seleccións de lecturas** elaboradas polo profesorado desde os distintos centros, **guías de lectura** e outros materiais útiles para a selección de recursos para as bibliotecas escolares, coa virtude de responder aos criterios dos equipos de docentes que dinamizan as bibliotecas escolares, ás necesidades do seu alumnado e dos diversos departamentos que colaboran nestas seleccións. **Inclúese tamén listados de libros e outros materiais imprescindibles**, actualizando a Guía de recursos



Respostas ás preguntas máis frecuentes:

1. Aplicación informática para as bibliotecas escolares

A Consellería de Educación non dispón de ningunha aplicación específica para as bibliotecas escolares. Froito dos acordos de colaboración coa Consellería de Cultura nesta materia, esta facilita aos centros que llo solicitan, o programa MEIGA, que é co que están informatizadas a maioría das bibliotecas públicas galegas. Mesmo teñen trasvasado os datos de bases preexistentes polo que se lles debe comentar esta cuestión, se fose o caso, ao facer a solicitude. As últimas versións de Meiga levan engadidas algunhas cuestións específicas para bibliotecas escolares, na medida en que está sendo utilizada xa por moitos centros educativos.

Para solicitar o programa débese contactar con Proxecto Meiga. Departamento de Soporte e Información. Centro Superior Bibliográfico de Galicia. Dirección Xeral de Promoción Cultural. Xunta de Galicia. A solicitude debe facerse dende o enderezo electrónico oficial do centro educativo e indicando unha persoa de referencia:

- Para solicita-lo programa, ou pedir información: infomeiga@rbgalicia.org
- Para contactar co administrador da rede Meiga: adminmeiga@rbgalicia.org
- Para subida de datos, correccións ou problemas en xeral:
soportemeiga@rbgalicia.org
- Para información xeral na web: www.meiga.rbgalicia.org
- Para consulta, descarga, etc... de datos na web: www.opacmeiga.rbgalicia.org
- Tfno.: 902 922 349

Este programa cumpre os requisitos que se lle piden a unha aplicación minimamente seria e actual (con criterios estandarizados e posibilidade de acceso a catálogo colectivo): clasificación pola CDU, simplicidade, impresión de etiquetas, códigos de barras, fichas e carnés, posibilidade de capturar catálogos a través de internet e integralos no catálogo da biblioteca, posibilidade de empregar un lector óptico.... Obviamente, pódense extraer listados segundo distintos criterios, tanto de fondos documentais rexistrados (libros e outros) como de usuarios. O feito de que sexa o programa empregado na rede de lectura pública facilita o intercambio bibliotecario. A posibilidade de incluír o catálogo da páxina de Meiga, permite a consulta a través de calquera ordenador conectado a internet; do catálogo propio e dos catálogos da rede Meiga, na que xa están un bo número de centros galegos.

Dende a Asesoría de bibliotecas escolares elaborouse unha adaptación da CDU para as bibliotecas escolares, contemplando dous niveis (centros de primaria e secundaria; centros de secundaria con moito volume de fondos e centros con ciclos formativos), que os responsables do Meiga están adaptando ás aplicacións destinadas a centros educativos. Pódese así mesmo descargar, en formato pdf dende a a sección “Xestión técnica” en <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

2. Convocatorias do plan de mellora de bibliotecas escolares

A estas convocatorias pódese acceder a través da páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

A través dos bloques da esquerda da páxina pódese acceder á información correspondente a cada unha das convocatorias, e tamén aos diferentes anexos a presentar, entre os que están o anexo IX de xustificación de gasto que deben remitir os centros incorporados, ao tempo que a memoria, antes do 10 de xuño.

3. Convocatoria e resolución dos Clubs de lectura


Estes documentos publícanse no Portal Educativo, [Http://www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es) e poden atoparse tamén, ou ben na páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia, ou ben nos blogues [Hora de ler](#) e [Ler en man común](#).

4. Dotación extraordinaria para actualización de fondos/equipos/mobiliario da biblioteca escolar

Os centros que reciben un orzamento extraordinario para actualizar a colección (equipos, fondos, ou gastos de funcionamento da b.e., no seu caso) deben xustificalo con facturas datadas antes do 31 de decembro, e presentar esta xustificación antes do 10 de febreiro do ano seguinte, mediante un anexo que se recolle na sección “impresos” de <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>. As facturas custodiaranse na secretaría do centro. A xustificación será por igual ou superior contía que a asignación recibida.

Programa de fomento da lectura en centros escolares: *HORA DE LER*

No ano 2006, a Consellería de Educación puxo en marcha un programa de fomento da lectura destinado á poñer en valor os libros e as bibliotecas nos centros educativos. Nunha primeira fase distribuíuse diverso material divulgativo (carteis, marcapáxinas, adhesivos, axendas para o profesorado) cunha finalidade de sensibilización. Na segunda fase chegaron aos centros educativos materiais específicos para cada ciclo, atendendo ás características do alumnado segundo a súa idade e ás necesidades de recursos expresadas polos docentes. Estes materiais van acompañados dunha guía para o profesorado, con propostas e orientacións para a súa utilización.



Con data 1 de setembro de 2011, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no contexto deste programa de fomento da lectura, publicaba por cuarta vez a convocatoria de incentivos á creación de **CLUBS DE LECTURA** en centros educativos de titularidade da Consellería de Educación que matriculan alumnado de ensino secundario, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial. Da devandita convocatoria entresácanse unhas breves orientacións:

Unha das fórmulas de maior interese para o fomento do hábito da lectura, en xeral, e entre os adolescentes en particular, é a posta en marcha dun club de lectura, porque inclúe varias das condicións necesarias para motivar aos lectores e lectoras destas idades: a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquedanzas, significados, emocións e opinións sobre as súas lecturas. Por esta razón, é unha práctica que comeza a ser empregada por profesorado atento ás necesidades e intereses do seu alumnado, que inclúen a participación dun club de lectura nas programacións das bibliotecas escolares ou como complemento na programación da propia materia.

Poñer en marcha un club de lectura nun centro educativo consiste, basicamente, en promover a participación dun grupo de rapaces e rapazas para compartir as súas experiencias lectoras, coa mediación dun adulto que conduza todo o proceso. O espazo natural para o club de lectura é a biblioteca escolar, e os tempos axeitados para a súa celebración dependen das posibilidades de cada grupo (recreos ou tempos non lectivos), resultando imprescindible a implicación persoal do profesorado dadas as especiais características desta actividade.

Esta práctica de socialización e creación de comunidades de intereses, ao redor dos libros e da lectura, está avalada por resultados moi positivos na creación de ambientes lectores nos centros, coa participación en moitos casos de pais, nais, e outros membros da comunidade escolar.

A esta convocatoria presentáronse un total de 206 proxectos de clubs de lectura, procedentes de diversos centros educativos que acollen alumnado de ensino secundario, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial, dos cales 200 reciben axudas para o seu funcionamento, por ter entregado a documentación en tempo e forma. Durante o curso 2010/2011, practicamente, a metade dos centros públicos de ensino secundario de Galicia albergan grupos de lectura (nalgúns casos varios grupos): profesores e alumnos, ás veces pais e nais e persoal non docente, que teñen a vontade de xuntarse para falar de libros e compartir lecturas fóra do tempo lectivo.

O blogue “Ler en mancomún” (<http://lerenmancomun.blogspot.com/>) recolle as novas, experiencias e materiais relacionados cos clubs de lectura, así como o acceso aos blogs destes clubs mentres que “Libros a oito” (<http://librosaeito.blogspot.com/>) funciona a modo de banco de libros que uns centros ofertan a outros para poder optimizar os recursos das súas bibliotecas para a lectura colectiva.

No seguinte enlace pódese acceder a un artigo que recolle a evolución dos clubs de lectura da comunidade autónoma galega: [“Construyendo sociedad lectora: clubs de lectura en centros de enseñanza secundaria de Galicia”](#). Cristina Novoa



No curso 2007/2008 enviáronse aos centros públicos de ensino primario e secundario de todo o país unhas mochilas destinadas a poñer en marcha a iniciativa **MOCHILAS VIAXEIRAS**, unha actividade que xa estaba dando moi bos resultados nalgúns centros educativos baixo distintos nomes e fórmulas. A *mochila viaxeira* permite á biblioteca escolar o contacto coas familias nunha actividade que pretende a súa colaboración na formación dos lectores e lectoras máis novos. No díptico que a acompaña detállase esta actividade de fomento da lectura: a súa finalidade, os destinatarios, o posible contido, a temporalización e outras cuestión de interese.

Existen mochilas viaxeiras a disposición dos centros que as precisen para ampliar a oferta actual deste servizo na súa biblioteca. A solicitude, xustificada, pódese realizar a través do seguinte correo electrónico: bibliotecasescolares@edu.xunta.es

MALETAS VIAXEIRAS

No curso 2009/ 2010 a Asesoría de bibliotecas escolares organiza *maletas viaxeiras de poesía, banda deseñada e lectura* que se distribúen aos diferentes CFR de cara a poder ser utilizadas nos diferentes centros de ensino, ou ben para organizar exposicións e campañas relacionadas con poesía e banda deseñada como para reforzar e apoiar as súas propias

iniciativas de formación en relación á lectura. Os centros poden solicitar as maletas en préstamo no centro de Formación e Recursos correspondente, a través da persoa asesora en materia de bibliotecas escolares. Cada maleta leva unha relación dos materiais que inclúe, unhas propostas de utilización e unha relación de recursos sobre o tema do que é obxecto, así como un caderno para a recollida de suxestións.

MALETA DE LECTURA: contén unha selección de materiais recentes, ou xa de referencia, imprescindibles á hora de abordar as aprendizaxes en materia de lectura e de adquisición do hábito lector. Vai destinada ao profesorado (Grupos de Traballo, Seminarios, PFACs ou, simplemente, equipos de biblioteca interesados).

MALETA DE POESÍA: inclúe unha selección de libros de poesía infantil e xuvenil, para "abrir boca" e coñecer novas tendencias. Contempla textos poéticos destinados a adultos, dos que poderían extraerse algúns poemas para o seu tratamento cos rapaces e rapazas, e materiais específicos para os docentes. Fundamentalmente destinada ao profesorado de ensino primario.

MALETA DE BANDA DESEÑADA: unha selección de cómic e novela gráfica, para coñecer autores e títulos de banda deseñada que están a ser referencia entre os lectores do xénero. Destinada ao profesorado de ensino secundario.



Na propia Asesoría cóntase cunha maleta sobre o **Camiño de Santiago** e outra sobre **Os Mundos de Cunqueiro**, que poden solicitarse e recollese directamente.

No curso 2010/2011 facilítanse, aos centros que as solicitan, bolsas para o préstamo de libros dirixidas ao alumnado de Infantil. Os libros *van e veñen* da biblioteca escolar ás casas para ser lidos e contados coa colaboración das familias.



Calendario do Libro e da lectura

Febreiro

24 de febreiro: Día de Rosalía
(A creación: os escritores e as escritoras)

Marzo

21 de marzo: Día Mundial da Poesía
27 de marzo: Día Mundial do Teatro

Abril (Abril: mes dos Libros)

2 de abril: Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil
23 de abril: Día Internacional do Libro

Maio (Festa da Lingua)

17 de maio: Letras Galegas

Xuño/Xullo/Agosto

Feiras do libro
Banda deseñada e ilustración (circuíto de xuño a setembro)

Setembro

26 de setembro: Día da Tradución

Outubro

24 de outubro: Día da Biblioteca
Todo o mes: Mes da Biblioteca Escolar a proposta da [IASL](#)

Novembro

2ª semana: Semana da Literatura de Tradición Oral: contos, cantos, lendas, romances, regueifas, refráns

Nadal

17 de decembro: nacemento de Ánxel Casal (1895)
(A edición)

- **Lei 17/2006 de 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia:**
 - O artigo 22, punto 4, recolle, entre outras cuestións: *A Xunta de Galicia promoverá a lectura nas bibliotecas escolares.*

Nun medio caracterizado polo incremento da conexión en redes, as persoas encargadas das bibliotecas escolares deben ser competentes para planificar distintas técnicas de utilización da información, e ensinalas tanto ao profesorado como ao alumnado; deben, xa que logo, actualizar constantemente a súa formación e desenvolvemento profesionais.

Manifesto IFLA/UNESCO sobre a Biblioteca Escolar. 2000



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos
Subdirección Xeral de Centros
Servizo de Xestión de Programas Educativos

Asesoría de bibliotecas escolares

bibliotecasescolares@edu.xunta.es (xeral)

asesoria.bibliotecas@edu.xunta.es (para actividades de formación)

bescolares@gmail.com (para blogues de clubs de lectura/banco de libros)

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

Tfno.: 981 54 65 47 – Fax: 981 54 65 42